

ACTA NÚM. 09/2025.

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 10 DE NOVEMBRO DE 2025.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 10 de novembro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.

-. PP:

WALDO CARBALLO GARCÍA.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ.

-. BNG:

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Non asisten: MARÍA FARIÑA BELLÓN.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do concello.

Asiste o interventor do concello Luis Taboada Hervella.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 15.10.2025.

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS (SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM.2 /2025).

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

O Pleno por unanimidade dos doce membros presentes acorda ratificar a urxencia.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 15.10.2025.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 8/2025, do 15.10.2025.

Sometida a votación, o Pleno do concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala.

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 07.11.2025, que transcrita di:

Co obxecto de proceder á modificación da ordenanza reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, publicada no BOP do 24.12.2009, na súa redacción dada pola última modificación publicada no BOP do 11.12.2019, e tendo en conta que o artigo 16 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais establecen esta posibilidade, tramitouse o expediente para levar a cabo a devandita modificación.

O motivo que xustifica esta proposta é a necesidade de modificar a ordenanza para actualizar as tarifas existentes en función do disposto na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, tratando de conseguir cubrir o custo real do servizo.

Vistos o informe económico-financeiro sobre custos e ingresos pola prestación do servizo que consta no expediente e os informes de secretaría e intervención, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, publicada no BOP do 24.12.2009, na súa redacción dada pola última modificación publicada no BOP do 11.12.2019.

2º) Modificar o texto da ordenanza nos seguintes termos:

-. Se modifica o artigo 15.2. Altas e declaracións, engadindo o seguinte texto: En relación coas vivendas de uso turístico o Concello dará de alta de oficio no padrón de taxa de recollida de lixo, aquelas vivendas que figuren no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia (REAT). Aqueles titulares de vivendas de uso turístico que cesen na súa actividade deberán presentar declaración de baixa no Concello, acompañada da presentación da declaración de cese de actividade presentado no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia (REAT).

- Se modifica o anexo: Tarifas, que pasa a ter o seguinte contido:

ANEXO: TARIFAS

TARIFA Nº.1: XESTIÓN DO LIXO DOMICILIARIO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ASIMILABLES.	
Epígrafe 10. Vivendas	Euros
Epígrafe 10.1 Vivendas zona 1 (parroquias Cornanda, Viceso, Ons e Luaña)	115,00
Epígrafe 10.2. Vivendas zona 2 (parroquias de San Salvador e San Xulián de Bastavales)	125,00
Epígrafe 10.3 Vivendas zona 3 (parroquias de Boullón, Brión e Os Ánxeles)	135,00
Epígrafe 10.4 Vivendas de uso turístico	195,63
Concepto 1000: Recollida	
Epígrafe 11: Aloxamentos e centros de ensinanza:	
Concepto 1100: hoteis, moteis, hostais e hoteis - apartamentos de 5 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 363,10 euros)	40,64
Concepto 1101: hoteis, moteis, hostais e hoteis - apartamentos de 4 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 363,10 euros)	38,72
Concepto 1102: hoteis, moteis, hostais e hoteis - apartamentos de 3 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 363,10 euros)	32,08
Concepto 1103: hoteis, moteis, hostais e hoteis - apartamentos de 2 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 363,10 euros)	29,39
Concepto 1104: hoteis, moteis, hostais e hoteis - apartamentos de 1 estrela e campamentos de turismo, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 329,68 euros)	26,70
Concepto 1105: pensións de 2 estrelas e campamentos de turismo e albergues xuvenís, por cada praza e ano, euros:	8,80
Concepto 1106: pensións de 1 estrela, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo ó ano de 329,68 euros)	26,70
Concepto 1107: fondas, por cada praza e ano (cun mínimo anual de 192,85 euros)	16,24
Concepto 1108: casas de hospedaxe, por cada praza ó ano, euros: (cun mínimo anual de 183,95 euros)	13,04
Concepto 1109: hospitais, sanatorios e demais centros sanitarios asistenciais, por cada praza, ó ano, euros: (cun mínimo de 921,89 euros anuais)	76,69
Concepto 1110: centros docentes, colexios maiores e residencias de estudantes con réxime de pensión alimenticia, por cada praza ó ano, euros (cun mínimo de 793,14 euros).	26,70
Concepto 1111: centros docentes, colexios maiores e residencias de estudantes, sen réxime de pensión alimenticia, por cada centro, ó ano	652,11
Concepto 1112: Centros de ensinanza que realizan a súa actividade en locais de menos de 100 m ²	326,10
Epígrafe 12: Locais	
Concepto 1200: RESTAURANTES	
120000 De categoría de luxo	1434,77
120001 De categoría 1ª	1304,32
120002 De categoría 2ª	1059,76
120003 De categoría 3ª	847,71
120004 De categoría 4ª	635,87

Concepto 1201: CAFETERÍAS	
120100 De categoría especial	1141,31
120101 De categoría 1ª	896,74
120102 De categoría 2ª	733,71
120103 De categoría 3ª	358,67
Concepto 1202: BARES	
120200 De categoría especial, epígrafe 673.1 I.A.E.	1304,32
120201 Outros cafés e bares, epígrafe 673.2 I.A.E. (zona urbana)	293,34
120201 Outros cafés e bares, epígrafe 673.2 I.A.E. (resto)	244,59
Concepto 1203: SALAS DE FESTAS, DISCOTECAS, BINGOS E SIMILARES	1304,32
Concepto 1204: CÍRCULOS E CLUBES	
120400 Con restaurante e/ou cafetería	815,20
120401 Os demais	407,62
Concepto 1205: TEATROS E CINES	
120500 Teatros e cines con local pechado	555,26
120501 Teatros e cines con local aberto	163,04
Concepto 1207 FÁBRICAS, TALLERES DE REPARACIÓN DE AUTOMÓBILES, ASERRADEIROS E GRANDES ALMACÉNS	
120700 Ata superficie de 400 m ²	
120700.00 De menos de 100 m ²	258,35
120700.01 Entre 100 m ² e 200 m ²	387,54
120700.02 Entre 200 m ² e 300 m ²	516,74
120700.03 Entre 300 m ² e 400 m ²	645,89
120701 Entre 400 m ² e 500 m ²	1033,44
120702 Entre 500 m ² e 600 m ²	2066,95
120703 Entre 600 m ² e 1000 m ²	3775,49
120704 Máis de 1000 m ²	7526,02
Concepto 1208: MERCADOS, SUPERMERCADOS, COMERCIOS O POR MAIOR DE PRODUTOS ALIMENTARIOS E ESTABLECEMENTOS AGROALIMENTARIOS	
120801 Establecementos en réxime de autoservicio e mixto, distintos dos contemplados no epígrafe 661.2 da Sección 1ª das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas:	
120801.00 Con superficie superior a 400 m ²	3845,47
120801.01 Con superficie comprendida entre 399 m ² e 120 m ²	775,09
120801.02 Con superficie comprendida entre 120 m ² e 60 m ²	516,74
120801.03 Con superficie inferior a 60 m ²	258,35
120802 Outros establecementos:	
120802.00 Peixarías e carnicerías, verdulerías e froiterías	258,35
120802.01 Os demais establecementos	195,63
120803 Mercados centrais de maioristas:	
120803.00 Entidades xestoras dos mercados centrais maioristas	5312,26
120803.01 Por cada posto modular	758,62
Concepto 1209: ENTIDADES BANCARIAS E CAIXAS DE AFORROS, GASOLINEIRAS E ESTACIÓNS DE SERVIZOS.	
Concepto 120901 Entidades bancarias e caixas de aforro	1548,90
Concepto 120902 Gasolineiras e estacións de servizo, por surtidor (ata un máximo de 1032,72 euros)	326,08
Concepto 1210: CENTROS OFICIAIS (Produtores de menos de 1000 l de residuos, por día):	
121000 Ata 500 m ² de superficie	687,71
121001 Dende 500 m ² ata 1000 m ² de superficie	1377,36

121002 Máis de 1000 m ² de superficie	2068,37
Concepto 1211: LOCAIS, ESTABLECEMENTOS E TODA CLASE DE INSTALACIÓNS DE CARÁCTER PÚBLICO OU PRIVADO, NON COMPRENDIDOS EN CONCEPTOS ANTERIORES E GRANDES PRODUTORES DE RESIDUOS.	
121100 Por cada fracción de 100 litros de residuos xerados ó día, ó ano	407,62
NOTA: Pa os efectos da notificación da cota derivada deste concepto, os obrigados ao pagamento deberán declarar a media de residuos xerados, previo requirimento, para iso, pola Inspección do Servizo, que poderá rectificar as declaracións formuladas ou estimar de oficio o volume de residuos no caso de falta de declaración.	
Concepto 1212: DESPACHOS PROFESIONAIS	195,63
Concepto 1213: POSTOS, QUIOSCOS E CALQUERA OUTRO CON INSTALACIÓN PERMANENTE NA VÍA PÚBLICA E NON SUXEITO POR CONCEPTOS ANTERIORES DESTAS TARIFAS	61,60
Concepto 1214: DEMAIS LOCAIS E NEGOCIOS NON COMPRENDIDOS NOS EPÍGRAFES E CONCEPTOS ANTERIORES	195,63
NOTA COMÚN Á TARIFA Nº 1: As cotas apuntadas nesta tarifa teñen carácter de mínimas, podendo os servizos de inspección, con comunicación e audiencia ó interesado, axustalas ó volume de residuos xerados, tomando como base para o cálculo o Concepto 121100.	
TARIFA Nº 2: POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE TRATAMENTO.	
	Euros
Epígrafe 20. Instalacións de tratamento	
Concepto 2001: Polo tratamento de cada Kg de residuos sólidos clasificado nas fraccións utilizadas para recollida selectiva. O mínimo de percepción non será inferior a 3,56 euros.	0,06
Concepto 2002: Polo tratamento de cada Kg de residuos sólidos sen clasificar. O mínimo de percepción non será inferior a 4,52 euros.	0,08
Concepto 2003: Carga e transporte de residuos urbanos a instalacións de tratamento. Por cada Kg de residuos urbanos, euros: (cun mínimo de 51,20 euros).	0,17
TARIFA Nº 3: POR LIMPEZAS EXTRAORDINARIAS DE LUGARES ONDE SE CELEBRARÁN ACTOS PÚBLICOS.	
	Euro s
Epígrafe 30. Limpeza	
Por cada m ² de limpeza da vía pública, euros (cun mínimo de 59,34 euros):	0,07
Epígrafe 31. Carga e transporte de residuos sólidos urbanos a vertedoiros:	
Concepto 3100: Por cada Kg de residuos sólidos urbanos, euros (cun mínimo de 47,34 euros):	0,17
Concepto 3101: Por cada m ³ de residuos inertes, euros (cun mínimo de 47,34 euros):	15,97
NOTA: A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta ordenanza	
TARIFA Nº 4: POR RETIRADA DE VEHÍCULOS.	
	Euros
Epígrafe 40. Recollida de vehículos	
Concepto 4000: Pola retirada de motocicletas, velocipedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas.	36,08
Concepto 4001: Pola retirada de toda clase de vehículos turismos, así como camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara inferior a 1.000 Kg.	74,52

Concepto 4002: Pola retirada de camiós, tractores, turismos , remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara superior a 1.000 Kg.	184,76
Epígrafe 41. Depósito de vehículos	
Concepto 4100: Motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas, por día	2,91
Concepto 4101: automóviles de turismo, furgóns, furgonetas e demais vehículos con tara inferior a 1.000 Kg., por día	4,59
Concepto 4102: Camións, tractores, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos con tara superior a 1.000 Kg., por día	9,77
NOTA 1ª. A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta ordenanza.	
NOTA 2ª. No caso de que se iniciara a recollida e se realizara o enganche, pero non se completara o transporte do vehículo ata o depósito municipal porque non se tivera consumado este debido á presenza do interesado, satisfacerase o 50% da tarifa que puidese corresponder.	
NOTA 3ª. As tarifas por retirada e por depósito de vehículos serán independentes entre si. Non obstante, a tarifa por depósito de vehículos só se aplicará no caso de que transcorran 24 horas dende a recollida daqueles, sen ser retirados polos seus propietarios.	
TARIFA Nº 5: POR RETIRADA DE CONTEDORES DE ENTULLO.	
	Euros
Epígrafe 50.-Retirada e transporte a depósito	126,48
Epígrafe 51.-Depósito por cada día de estancia	4,10
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	
TARIFA Nº 6: LIMPEZA E/OU RETIRADA DE CARTEIS, SOPORTES, PANCARTAS E PINTADAS	
	Euros
Epígrafe 60.-Por limpeza e retirada de carteis, soportes, pintadas e pancartas	
Concepto 6001: Por cada m ² de limpeza e de retirada de carteis	28,18
Concepto 6002: Por cada m liñal de limpeza de pintadas	28,18
Concepto 6003: Por cada unidade de pancarta retirada da vía pública, euros:	16,13
NOTA. A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta ordenanza.	
TARIFA Nº 7: RETIRADA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE ANIMAIS DA VÍA PÚBLICA.	
Epígrafe 70. Por cada unidade de peso menor de 70 Kg, euros:	24,92
Epígrafe 71. Por unidade de peso superior a 70 Kg, euros:	79,82
TARIFA Nº 8: POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES REFERIDOS NO ARTIGO 2º, LETRA K.	
A cota tributaria será o resultado de aplicar o número e entidade dos medios persoais e materiais que se utilicen na prestación do servizo, o tempo investido, e a tarifa contida nos seguintes epígrafes e conceptos:	
Epígrafe 80. Persoal	Euros
Concepto 8000: Técnico superior ou medio, por cada hora ou fracción	70,68
Concepto 8001: Encargado, xefe, capataz ou inspector dos servizos, por cada hora ou fracción	32,38
Concepto 8002: Condutor, mecánico ou operario, por cada hora ou fracción	19,92

NOTA Concepto 8002: Cada hora liquidada incrementarase nun 15 % adicional en concepto de custo derivado da supervisión e dirección da actividade, se esta non se liquidara directamente por aplicación do resto de conceptos do Epígrafe 80.	
Epígrafe 81. Materiais	Euros
Concepto 8100: O consumo de materiais computarase, previa valoración da Mancomunidade do Barbanza, a prezos de mercado.	
Concepto 8101: Vehículos pesados (varredora, baldeadora, compactador, escavadora, guindastre, pluma ou similar) por unidade e hora, sen condutor, euros:	32,38
Concepto 8102: Condutor, Mecánico ou operario, por cada hora ou fracción	19,93
Epígrafe 82.Desprazamentos	
Concepto 8200: Por Km percorrido, vehículo pesado, compactadores ida e volta, euros:	1,33
Concepto 8201: Por Km percorrido, vehículos lixeiros.	0,45
NOTA. A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta ordenanza.	

Esta modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2026, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

3º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate:

Polo Sr. Alcalde expónse que a modificación ven dada pola normativa europea, hai que cubrir o que custa o servizo, e neste primeiro ano vaise pagar iso segundo se aprobou na última reunión da Mancomunidade de concellos Serra do Barbanza.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que imos votar a favor, somos conscientes que hai que pagar o que se gasta, nós non imos participar no xogo político que se fai deste asunto noutros concellos, aquí foise facendo de xeito regular unha suba graduada, de xeito periódico, cousa que non fixeron noutros concellos; é unha suba e con este voto a favor poñemos en valor que o BNG de Brión cando hai que votar en favor dos intereses do concello sempre o fai.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS (SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM.2 /2025).

Dada conta da proposta da alcaldía do 07.11.2025, que transcrita di:

Visto que o artigo 177 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), así como os artigos 35 e 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos, permiten a incoación dun expediente de suplemento de crédito para a realización dun gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e para o cal exista crédito no orzamento pero non sexa suficiente, podéndose financiar con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Dado que todos os gastos aos que se refire este suplemento de crédito se considera que son de inescusable realización antes de finalizar o exercicio.

Dado que o crédito no vixente orzamento da Corporación non é suficiente, e considerando que se dispón dalgúns dos medios de financiamento previstos na lexislación de facendas locais.

Visto o expediente tramitado, e previo informe da Intervención municipal, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a modificación de crédito número 14/2025 do orzamento municipal para o exercicio 2025, suplemento de crédito nº 02/2025, de acordo co seguinte detalle:

Concepto proveedor	Importe	Programa	Concepto
Achega municipal redución de infiltracións	8.130,73	161	63900
Ampliación rede de abastecemento Avda. Santa Minia	22.827,36	161	62900
Panorama	21.175,00	338	22799
Finisterre	12.705,00	338	22799
Marbella	12.705,00	338	22799
Videomapping	5.082,00	338	22799
Iluminación	18.089,50	338	22799
Espectáculo pirotécnico	8.000,00	338	22799
Outros gastos en festas Santa Minia	20.000,00	338	22799
Subministro de enerxía eléctrica cultura	10.000,00	334	22100
Subministro de enerxía eléctrica deportes	10.000,00	342	22100
Achega municipal palco da música	20.129,88	334	61900
Obra piscina Bastavales	15.479,53	342	63200
Comida institucional e dos traballadores	6.500,00	912	22601
Impermeabilización subida ao garaxe do concello	3.787,30	933	63200
Preparación de despachos na planta superior	2.171,95	933	62200
Equipos informáticos para planta superior	850,00	920	62600
Placas solares na escola de música	18.071,74	933	62900

Andaina do terror	2.000,00	338	22799
Limpeza en escolas infantís por substitución	1.175,00	323	22799
Limpeza en escolas infantís por substitución	877,50	323	22699
Monitor para escola de música	3.785,41	334	62600
Convenios por cesión de policía para festas	11.250,00	943	46200

Altas en aplicacións de ingresos

Económica	Denominación	Importe
87000	Remanente de Tesourería para gastos xerais	234.792,90 €

2º) Aprobar a modificación do Anexo de Investimentos do orzamento 2025, incorporando as alteracións que resultan desta modificación de créditos.

3º) Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei de facendas locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións. No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do concello.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que desde o BNG xa se dixo con anterioridade que non participaríamos en expedientes de modificacións de créditos se non se aprobaba o orzamento; como somos honestos non imos votar en contra porque algúns gastos xa están feitos e teñen que cobrar, pero tampouco imos votar a favor porque se presuposta vía expediente de modificación de créditos; pediremos ver algunhas facturas porque son moi redondos os números, aínda que supoñemos que será motivado polo feito de ser unha previsión; e remata sinalando que así como no primeiro punto fomos propositivos neste segundo temos que ser críticos.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e PP (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do BNG (3).

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e dezanove minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González